

## 10. O PAPEL DA MULLER NA IDADE MODERNA<sup>1</sup>

**ORIENTACIÓNS DA CIUG:** Nesta pregunta o alumnado debería coñecer as principais dificultades que presenta o estudo das mulleres na Idade Moderna (escaso interese por parte dos historiadores, ocultación nas fontes...). Tería que coñecer a condición xurídica da muller no Antigo Réxime e o papel que desenvolve dentro da institución familiar como esposa, nai e transmisora da herdanza. Finalmente, debería coñecer as enormes diferenzas existentes desde o punto de vista económico, social e cultural entre privilexiadas e non privilexiadas así como a súa participación no mundo do traballo tanto no ámbito rural coma no urbano..

**Estudo para a PAU:** Centrarse nas diferenzas sociais, laborais, educativas... entre as mulleres privilexiadas e non privilexiadas.

### 1. INTRODUCCIÓN

O papel da muller na Idade Moderna foi fundamental, ao igual que nas demais etapas da Historia. Con todo, o seu estudo está condicionado polo interese amosado polos historiadores e pola **ocultación sufrida nas fontes históricas**. As fontes oficiais, de tipo institucional e económico (decretos, sentenzas, contratos...), foron fomentando unha visión moi parcial e incompleta da muller, na que só hai raíñas, monxas, bruxas ou heroínas. Porén, o traballo, sobre todo de historiadoras, permítenos coñecer como era a vida das mulleres daquel tempo. Cabe destacar aquí a Ofelia Rey Castelao, Premio Nacional de Historia de España.

### 2. CONDICIÓN XURÍDICA DA MULLER NO ANTIGO RÉXIME

No Antigo Réxime, **a condición xurídica da muller era de dependencia a respecto dos homes**. Esta situación pode ser rastrexada directamente até a sociedade romana, pois o Dereito consagraba a posición dominante dos homes na familia e na sociedade. Así pois, na Idade Moderna a lei establecía que a muller dependía totalmente do home, independentemente da súa condición social. Se eran **menores de idade**, ou **maiores de idade pero seguían vivindo na casa familiar**, dependían dos pais. Cando **casaban** pasaban a depender do marido, que controlaba todo o seu patrimonio económico, a **dote**, diñeiro que a familia da muller achegaba ao matrimonio. Esta dependencia só se rompía ao quedar **viúvas**. Neste eido, non debemos deixar de mencionar a **exclusión social** que sufrían as mulleres separadas, abandonadas e solteiras, pois parecían non encaixar na **estruturas social discriminatoria, machista e patriarcal da época**.

A muller permaneceu sempre atada á obriga de coidar da familia, do fogar e da economía doméstica, tendo ademais que poñer moito celo en cumprir coas rixidas normas morais da época (cristiá, casta e nai). Exemplo disto é a aparición (en exclusiva en Galiza) de **mulleres “espontaneadas”** no XVIII: mulleres solteiras ou viúvas que eran requiridas por un notario para declarar o seu embarazo. Desta maneira tan peculiar, lográbbase evitar que abortasen ou abandonasen o fillo ao nacer, pero tamén lograban protexela, xa que desde entón xa non podía ser acosada ou expulsada da comunidade.

### 3. DIFERENZAS ENTRE MULLERES DE AMBOS ESTAMENTOS

Non obstante, a situación da muller dependía tamén do estamento ao que pertencera, presentando enormes diferenzas en cuestións básicas como a educación, o matrimonio ou o estilo de vida. Así, a muller de familia nobre, do **estamento privilexiado**, desde nena tiña un maior **acceso á educación** e a unha formación cultural que o resto, adoitando recibila sempre na casa, especialmente sobre temas como linguas, relixión, artes ou música, e co obxectivo de formalala para a vida social entre nobres ou incluso para poder casala mellor. Na adolescencia, era ofrecida polo seu pai en **matrimonios concertados** (con fines económicos: para consolidar o poder ou influencia da familia, ou para aliarse así con outra familia nobre) ou ben ofrecida para **“tomar os**

---

<sup>1</sup> Texto baseado no blog somohistoria: <https://drive.google.com/file/d/1qQbccE2A6O6kuFi93YXPs3fQ8oARQ3oZ/view> e na adaptación de Francisco Orge Ventín do manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía.

**hábitos**” e ingresar nun convento como monxas, onde, aínda que recluídas, algunhas podían prosperar incluso ata chegaren a abadesas dalgún mosteiro. Coma nobres, non traballaban e tiñan as necesidades básicas cubertas e acceso a recursos e comodidades, vivindo en casas grandes ou pazos, con criados e acceso a produtos de luxo (vaixelas, roupa, xoias...). As mulleres privilexiadas gozaban dunha **ociosidade** descoñecida nos grupos non privilexiados.

Pola contra, as mulleres de clases baixas ou do estamento **non privilexiado**, raramente tiñan acceso á educación formal, polo cal adoitaban ser **analfabetas**, e a súa formación limitábase a aprender a ocuparse do fogar e a familia, e a axudar nas cargas familiares. A partir da adolescencia, **o matrimonio era máis libre**, pero tamén influído polo económico. Unha vez casada debía asumir todas as tarefas domésticas, a crianza dos fillos e o traballo. Vivían sempre en condicións de vida e **traballo moito máis duras**, centradas en soste á familia e sen acceso a alimentos ou recursos básicos, nin a servizos ou asistenciais sociais de ningún tipo, o que facía que enfermasen máis e morresen antes, cunha **esperanza de vida máis curta**.

#### 4. DIFERENCIAS ENTRE O MUNDO RURAL E URBANO

**No mundo do traballo feminino vinculado ao ámbito urbano**, tanto dentro coma fóra da casa a muller asumía a xestión da familia e da economía do fogar, aínda que o patrimonio non se consideraba delas. Ademais, tamén traballaban no servizo doméstico noutras casas, o que implicaba desenvolver tarefas moi duras e moi mal pagadas.

**No mundo do traballo feminino vinculado ao ámbito rural** tamén existían diferenzas segundo o status social, e as mulleres dedicábanse a actividades máis variadas, sobre todo actividades relacionadas co campo. Só a mediados do século XVIII algunhas mulleres conseguiron ser independentes grazas a traballar na produción de tecidos.

#### 5. A ILUSTRACIÓN E A MULLER

No século XVIII, a pesar de que a estrutura social seguía a ser discriminatoria, machista e patriarcal, no contexto da **Ilustración** xurdiron unhas primeiras voces que criticaban os tópicos misóxinos, rexeitaban os matrimonios concertados e que reivindicaban o dereito á educación das mulleres. Cabe destacar neste aspecto ensaios como o de Frei Bieito Xerónimo Feijoo (*En defensa da muller*, 1726) ou o de Josefa Amar y Borbón (*Discurso sobre a educación física e moral das mulleres*, 1790).

#### 6. A MULLER EN GALIZA

Malia que a condición xurídica das mulleres tamén era de dependencia a respecto dos homes, unha serie de circunstancias parecían atenuar tal condición. Así pois, factores como a importante **emigración masculina** fixeron que a muller tivese que actuar como cabeza de familia e dirixir pequenas explotacións agrarias vinculadas ao predomínio do minifundio en Galiza. Ademais, tamén hai que ter en conta que, segundo o censo de 1787, por cada 100 mulleres había 77 homes, o que provocaba un elevado **celibato feminino**.

#### 7. MULLERES DESTACADAS

- Beatriz Galindo, que foi mestra da raíña Isabel a Católica.
- María de Zayas, escritora de novelas curtas de moito éxito no XVII que a Inquisición prohibiu.
- Sofonisba Anguissola, primeira muller pintora de éxito do Renacemento, retratando a Felipe II.
- María Pita, heroína na defensa da Coruña contra a invasión dos ingleses da Contraarmada.
- Isabel Barreto, primeira muller almirante da historia da navegación.
- Isabel Zendal, nacida no s. XVIII e considerada a primeira enfermeira da historia en misión internacional, ao lograr levar, nos corpos de varios nenos do seu hospital, a vacina da varíola a América e Filipinas, xa iniciado o XIX.